

O PERVERSO GOBERNO DE FEIJOO. SETE ANOS EN NEGRO

Libro de Manuel Monge. Edicións Laiovento, xuño de 2016

1.5. O patrimonio de Marcial Dorado

O patrimonio inmobiliario que a Axencia Tributaria logrou identificar e embargar preventivamente en España a Dorado, segundo recollía unha reportaxe de Julio Á. Fariñas en *La Voz de Galicia* de 6 de abril de 2013, está taxado en máis de 20 millóns de euros e en máis de 8 millóns o patrimonio intervido en Portugal:

Na provincia de Málaga localízanse cinco locais comerciais, un párking de cinco plantas, un ático de 530 metros cadrados e un piso de 70 metros. Na ría de Arousa está embargado un ático de 211 metros cadrados, un párking de catro plantas, unha casa de 600 metros, un piso en Carril, un chalé en O Lagartiño. Na Illa de Arousa unha vivenda unifamiliar de 280 metros cadrados e 150 rústicas, a maioría edificábeis. En Pontevedra ten un piso de 125 metros e 10 locais comerciais. Dous pisos en Santiago, cinco fincas rústicas en Caldas de Reis e unha finca de 50 hectáreas en Ávila. En Portugal ten a Quinta do Feital en Caminha, de 153.000 metros cadrados, e a Quinta Dourado en Melgaço, de 25.000 metros cadrados.

Están confiscados numerosos vehículos, propiedade de Dorado e colaboradores, entre eles sete *Audi* e dúas embarcacións. En bancos suízos están bloqueadas contas por importe de 1,8 millóns de euros; 1,5 millóns de euros en contas localizadas nas Bahamas e 300.000 euros en Portugal.

Na Illa de Arousa, Dorado é propietario de 175.000 metros cadrados, é dicir, a cuarta parte do solo non edificado dese concello, que aparecen rexistrados a nome de familiares ou de empresas controladas por Dorado. Ten propiedades en Caldas de Reis, Catoira, Baiona, Vilagarcía; concesións administrativas de abastecemento de combustible nos portos de Cambados, O Grove e Illa de Arousa, segundo publicaba o citado xornalista en *La Voz de Galicia* de 21 de abril de 2013. E Feijóo non sabía nada. Despois da súa detención como narcotraficante en 2003, Dorado tiña pendente un xuízo por branqueo de 20 millóns de euros. Están acusadas 16 persoas, entre elas tres fillos de Dorado, a súa actual muller, un tenente coronel da Garda Civil, Juan Miguel Castañeda Becerra, que até xullo de 2009 era o responsábel da Comandancia de Guadalaxara, e os avogados con despacho en Madrid, Félix Pancorbo Negueruela e Rosa María Stampa Rodríguez.

Unhas reportaxes de Julio Á. Fariñas recollían o proceso seguido por Dorado para o branqueo de diñeiro, procedente das súas actividades ilegais, que era explicado no escrito de acusación da Fiscalía Antidroga da Audiencia Nacional. Tratábase dunha complexa trama de sociedades que ten o epicentro en Suíza e ramificacións nos paraísos fiscais de Illas Virxes, Bahamas, Belice e Panamá. Entre 1994 e 2003, Dorado tivo abertas 47 contas en sete bancos suízos. Eses cartos, que estaban en sociedades radicadas en Suíza, eran repatriados a *Programallo*, creada en 1988 e que, actualmente, ten o domicilio social en Málaga. Así, entre xuño de 1998 e xaneiro de 2000, *Programallo* recibiu cinco préstamos por importe de 10,1 millóns de euros e outros 16,5 millóns de euros entre 2001 e 2003. O diñeiro que chegaba de Suíza era investido en negocios inmobiliarios e outras empresas, algunhas relacionadas co viño e o aceite. (*La Voz de Galicia*, 19 e 20 de abril de 2013).

1.6. Marcial Dorado, colaborador do CNI?

Está por investigar a colaboración de Marcial Dorado co Centro Nacional de Intelixencia (CNI). O exgarda civil José Manuel Sánchez Zabala, unha das principais testemuñas de cargo no xuízo contra Dorado, denunciaba perante Fiscalía Anticorrupción o 5 de novembro de 2007 que o narcotraficante foi utilizado polo CNI para introducir espías en Marrocos. Segundo denunciou Sánchez Zabala, «todo el objetivo de la operación no fue otro que utilizar el poder económico de D. Marcial Dorado para comprar una empresa estratégica en Marruecos. Cuando Dezcallar fue elegido por Aznar para dirigir el CNI, la empresa de Marcial Dorado fue ofertada como cobertura para la actuación de los servicios de inteligencia que operaban en Marruecos en plena crisis diplomática». A empresa que Dorado instalou en Marrocos dedicábase á produción de aceite, baixo o nome de *Oil-Maroc S.A.* Segundo esa denuncia, «el propio embajador de España en Rabat (Sr. Dezcállar) facilitó a través de sus consejeros la compra de dicha empresa para Dorado».

O exgarda civil manifestaba que sempre actuou baixo as ordes dos seus superiores e que estes coñecían a súas relacións con Dorado. Algúns altos mandos da Garda Civil incluían a familiares no accionariado das empresas de Dorado en Marrocos: «prueba de que la adquisición de la empresa estratégica se llevó a cabo con éxito son los numerosos documentos mercantiles registrados en los que figuran como accionistas Marcial Dorado y María del Pilar López López, cónyuge del superior del denunciante (jefe de equipo de Policía Judicial)¹.

Ante a demanda de información por parte da oposición sobre as concesións e contratos das empresas de Marcial Dorado coa Xunta, Feijóo daba unha información insuficiente e manipulada. A Xunta manifestaba o 19 de novembro de 2013 que non podía entregar parte deses contratos porque se destruíron cinco expedientes sobre axudas a *Xatevín S.L.*, *Efectos Navales Arousa S.L.*, *Mitulo* e *Inmobiliaria Marli*, empresas vinculadas á familia de Dorado. A explicación que deron desde a Consellaría de Traballo foi que eses expedientes, que comprendían desde 1990 a 2001, estaban en mal estado polas inundacións que se produciron no Centro Integrado de FP de Coia (Vigo) onde estaban custodiados por falta de espazo no arquivo da delegación provincial. Entre os expedientes destruídos estaba a renovación dunha batea da empresa *Mitulo S.A.*, propiedade do narcotraficante. Podemos estar perante un trato de favor a Dorado porque, a pesar de que a petición foi realizada fóra de prazo, a Consellaría de Pesca explicaba en 1999 que o interesado non puido renovar o permiso por un «despiste administrativo».